



PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 06-06-2022, ditou a resolución con número 1733/2022 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Socorristas 2ª Convocatoria. Aprobación das bases do proceso selectivo para contratación de duración determinada por circunstancias da produción, de 5 socorristas para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará servizo nas praias do concello de carballo no ano 2022.

Antecedentes.

Primeiro.- No cadro de persoal do concello de Carballo para 2022 (*BOP núm.26 do 08/02/2022*) está prevista a provisión de 32 socorristas, en réxime de contratación laboral de duración determinada.

Segundo.- Segundo informe da Interventora municipal do 06/06/2022 existe no actual presuposto municipal de 2022, crédito suficiente e adecuado para a contratación de 32 socorristas para as praias na tempada de verán 2022.

Terceiro.- Por resolución da Alcaldía núm. 1334, do 2 de maio de 2022, aprobáronse as bases do proceso selectivo para a contratación en réxime de duración determinada por circunstancias da produción, de trinta e dúas (32) persoas (4 postos coa categoría profesional de coordinador - socorrista e 28 postos coa categoría profesional de socorrista - oficial 2ª) socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático do Concello de Carballo de acordo coas necesidades do servizo (*BOP núm. 87 do 09/05/2022*)

Cuarto.- Con data 27/05/2022 o órgano de selección, tras finalizar o procedemento de selección eleva a Alcaldía a proposta de contratación a favor dos 27 aspirantes que superaron tódalas probas, catro prazas como coordinador - socorrista, e 23 prazas como socorrista. Por Resolución 1706/2022, do 2 de xuño, acordouse a contratación dos 27 candidatos propostos polo tribunal.

Quinto.- O Xefe do Servizo de Protección Civil informa o 06/06/2022 que é necesario **iniciar de forma urxente** unha segunda convocatoria para a selección de **5 socorristas** para que o servizo poida funcionar de xeito óptimo, dado que o día 10 de xuño comeza a tempada de praias.

Sexto.- Por Providencia da Concelleira delegada de persoal do 06/06/2022 ordenouse a apertura dun expediente con carácter urxente para a contratación de 5 persoas e a elaboración das correspondentes bases de selección que rexan a convocatoria.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases da convocatoria para a selección, mediante o sistema de concurso- oposición libre, de cinco (5) persoas (coa categoría profesional de socorrista - oficial 2ª) e posterior contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción, que desenvolverán o seu traballo nas praias do Concello de Carballo de acordo coas necesidades do servizo.

O texto das Bases é o transcrito como Anexo ao final da presente Resolución.

Segundo.- Convocar o proceso de selección de persoal citado nestas bases e ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Xa que está previsto o comezo da prestación do servizo deste o día 10 de xuño acórdase a tramitación urxente do proceso selectivo coa redución de prazos na súa tramitación.

Por tanto, tal e como establece a base cuarta das bases reguladoras desta convocatoria o **prazo de presentación de instancias** é de **cinco días naturais (5)** contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

ANEXO.

SOCORRISTAS 2ª CONVOCATORIA. APROBACIÓN DAS BASES DO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DE 5 SOCORRISTAS PARA A UNIDADE DE SALVAMENTO E SOCORRISMO ACUÁTICO QUE PRESTARÁ SERVIZO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE CARBALLO NO ANO 2022.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA, MODALIDADE DE CONTRATACIÓN E DURACIÓN DO CONTRATO.

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral de duración determinada por circunstancias da produción de 5 socorristas acuáticos para a Unidade de Salvamento e Socorrismo Acuático que prestará o servizo nas praias do Concello de Carballo, a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), a Lei 7/1985, de 2 de abril, o Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais disposicións de pertinente aplicación.

A modalidade contractual será a de un contrato laboral de duración determinada por circunstancias da produción, prevista no artigo 15.1. do RD Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, en redacción dada polo Real Decreto-lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e a súa **duración será a contar desde a sinatura do contrato ata o 07/09/2022.**

As retribucións mensuais serán as previstas no Orzamento Xeral desta Corporación para 2022 en relación coas devandita praza (Socorrista: 1.327,58 €, incluída a parte proporcional das pagas extra).

SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos referidos todos e cada un a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e mantelos ata o momento da formalización dos contratos:

- (a) **Nacionalidade.** Ter a nacionalidade española ou ser nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, nos termos previstos no artigo 57 do TREBEP. Así mesmo os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.
- (b) **Idade:** Ter cumpridos 18 anos de idade.
- (c) **Capacidade funcional:** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas que son obxecto do presente contrato. O cumprimento deste requisito acreditarase mediante certificado médico oficial.
- (d) **Habilitación:** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario, de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional á cal se pertencía. Idéntico requisito seralles esixido aos nacionais doutros Estados, no seu caso.
- (e) **Compatibilidade:** Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
- (f) **Profesionalidade:** Estar inscrito no Rexistro Profesional do persoal de socorrismo, información e primeiros auxilios de Galicia (sección: socorristas en espazos acuáticos naturais), de conformidade co Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional de actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto de inscrición, ter presentada a solicitude de inscrición no citado Rexistro Profesional, sempre, neste último caso, que desde a data de presentación da solicitude non teña transcorrido o prazo de 3 meses de que dispón a Academia Galega de Seguridade Pública para ditar resolución expresa. Neste caso deberase achegar, xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo, copia de dita solicitude de inscrición no Rexistro Profesional así como da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021.

Así mesmo, en aplicación da disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo (vixente de conformidade coa disposición derogatoria única do Decreto 152/2021) serán admitidas aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia.

TERCEIRA.- CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

3.1.- As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde na que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base segunda desta convocatoria, referidos sempre ao día en que remate o prazo de presentación de instancias.

As citadas solicitudes presentaranse no Rexistro do Concello de Carballo durante o prazo de **cinco días naturais**, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria e destas bases no Boletín Oficial da Provincia. A convocatoria tamén se publicará no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Así mesmo poderanse presentar na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se, conforme ao devandito artigo 16, se presenta a solicitude a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude; doutro modo, a data de anotación no Rexistro xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos. Ademais, neste caso, os/as concursantes deberán comunicalo mediante telefax (981702858) ou e-mail (xestiondepersoal@carballo.gal) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

3.2.- Nas respectivas instancias, os aspirantes **farán constar que reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base 2ª destas Bases**, e acompañarán inescusablemente os seguintes documentos:

- Xustificante acreditativo de ter ingresado na Tesourería Municipal a cantidade de dezaoto euros (18,00 €) en concepto de dereitos de exame. Este importe deberá facerse efectivo mediante ingreso nalgunha das seguintes contas municipais (cós datos persoais do/a aspirante e praza á que opta), número de conta de ABANCA ES96 2080 0019 5031 1000 0019 ou número de conta de CAIXABANK ES57 2100 2322 4002 0001 3249. A ausencia do abono dos dereitos de exame, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de subsanación. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.
- Fotocopia do DNI ou documento identificativo.
- Certificado médico oficial a que se refire a Base 2ª letra c) acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida exercer as funcións e tarefas do posto de traballo. No seu defecto, admitirase un informe médico ou informe de saúde expedido por facultativo médico.
- Fotocopia do documento que acredite a inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia a que se refire o parágrafo f) da base terceira.

En defecto de documentación que acredite a inscrición no citado rexistro, fotocopia da solicitude de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos da Comunidade Autónoma de Galicia (modelo normalizado que figura como Anexo V ao Decreto 152/2021, do 21 de outubro). Neste caso os/as aspirantes deberán achegar, inescusablemente, fotocopia da documentación acreditativa da formación mínima esixible para a inscrición na sección de socorristas en espazos acuáticos naturais á que se refire o artigo 4.2 do dito Decreto 152/2021.

Aquelas persoas inscritas de forma provisional no Rexistro Profesional de Socorristas de Galicia (disposición transitoria única do Decreto 104/2012, do 16 de marzo) deberán achegar a documentación acreditativa de estar inscritas no dito rexistro, xunto có Título de Socorrista Acuático ou titulación equivalente ou que a englobe, que se deberá acreditar mediante documento oficial expedido polo organismo competente.

- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase do concurso, que se acompañará da documentación acreditativa daqueles.

3.3.- Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán

estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

3.4.- Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de **tres días hábiles**, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

Para axilizar a tramitación do proceso e evitar posibles prexuízos aos aspirantes, a presentación de reclamacións por calquera outro medio distinto ao da presentación no Rexistro do Concello de Carballo, pode ser comunicada mediante telefax (981702858) ou e-mail (xestiondepersoal@carballo.gal) durante o mesmo prazo.

2.- Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello. Na mesma resolución o Alcalde determinará o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do tribunal cualificador. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

3.- De non existir aspirantes excluídos/as, o Alcalde elevará a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación.

QUINTA.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador será designado por Decreto da Alcaldía, no momento de aprobación da listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. A designación farase de conformidade co artigo 55.2 c) e d) e art. 60 da Lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado público, e na súa composición tenderase a paridade entre home e muller.

Todos/as os/as vocais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros (titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores/as especialistas para as probas que considere pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente as cales colaborarán co órgano de selección.

O tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte de estes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándoo á autoridade convocante, ou cando realizaran tarefas de preparación a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os/as aspirantes poderán recusalos de acordo co disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.

SEXTA.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

Sistema de provisión: concurso- oposición libre.

6.1.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS.

A data e máis a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas serán determinados polo Alcalde mediante resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos/as e a composición do tribunal, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, a citada resolución publicarase, a título informativo e complementario, na web municipal.

Unha vez comezadas as probas selectivas será suficiente coa exposición nos locais onde se celebren estas e no taboleiro de anuncios do Concello.

Cando o tribunal o considere conveniente, poderá acordar a celebración de varios exercicios nunha mesma xornada, concedéndolles aos/ás opositores/as un descanso mínimo de trinta minutos entre a celebración deles, ou na xornada seguinte, deixando transcorrer un prazo mínimo de 12 horas.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non comparezan a realizalo, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do tribunal, e tamén os medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles.

Na realización e corrección dos exercicios escritos garantirase o anonimato, podendo utilizar o tribunal os medios que considere oportunos.

Comezada a práctica dos exercicios, os tribunais poderán requirirles en calquera momento aos/ás concursantes que acrediten a súa identidade.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algún dos aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, será excluído, previa audiencia do interesado, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocara o proceso selectivo.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciárase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra "T", de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022, pola que se publica o resultado do sorteo celebrado o día 26/02/2022 (DOG nº 24 do 04/02/2022), en cumprimento do disposto no artigo 9 do Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia de 20/03/1991. De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciárase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, no taboleiro de anuncios do Concello, a relación de aspirantes que o superasen, indicando a puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de "non aptos".

6.2.- FASE DE CONCURSO: VALORACIÓN DE MÉRITOS.

O concurso consistirá na comprobación, avaliación e cualificación dos méritos alegados e xustificadas polos/as aspirantes.

Só se terán en conta os méritos que se acrediten documentalmente dentro do prazo de presentación de instancias, así como os méritos alegados dentro deste prazo que fosen xustificadas con posterioridade, sempre que esta xustificación posterior se presente no Rexistro deste Concello con anterioridade á aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as ou excluídos/as.

A puntuación máxima outorgada na fase de concurso non poderá exceder de sete (7) puntos.-

A cualificación dos méritos na fase de concurso realizarase con carácter previo á fase de oposición e as puntuacións outorgadas publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello. Non obstante, non é preceptivo que medie un prazo previo entre a publicidade das cualificacións da fase de concurso e o chamamento de aspirantes e inicio da fase de oposición

A puntuación obtida na fase de concurso non terá carácter eliminatorio e non poderá terse en conta para superar os exercicios da fase de oposición.

Nesta fase valoraranse os méritos específicos adecuados ás características dos postos de traballo, segundo o seguinte:

BAREMO:

A) Experiencia Profesional:

A.1) Polos servizos prestados nas praias do Concello de Carballo: 0,20 puntos por mes ata un máximo de 3 puntos.

A.2) Polos servizos prestados nas praias doutros Concellos: 0,10 puntos por mes ata un máximo de 2 puntos.

Os servizos antes sinalados serán xustificadas mediante informe de vida laboral expedido pola Administración da Seguridade Social, que se acompañará de certificado da empresa ou fotocopia dos contratos, especificando a categoría profesional e o tempo traballado.

B) Formación Profesional:

B.1) Formación Profesional directamente relacionada coas prazas convocadas.

Pola participación en cursos de formación e perfeccionamento ou mestrados organizados ou homologados polas administracións públicas, escolas oficiais da Administración pública e/ou universidades, colexios oficiais ou incluídos nos plans de formación continua, ou por organismos oficiais ou recoñecidos de reputado prestixio, que teñan relación coas tarefas do posto a desempeñar en materias relacionadas directamente coas tarefas do posto ofertado: 0,1 puntos por cada 30 horas formativas, ata un máximo de 1,50 puntos.

Os méritos alegados polos/as aspirantes deberán acreditarse mediante a presentación de diplomas ou documentos que acrediten a realización dos cursos, que deberán expresar a duración en horas ou xornadas completas e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico.

No suposto de non acreditarse a duración dos cursos, estes non se valorarán.

En caso de ter recibido varios cursos sobre a mesma materia serán excluídos os da duración inferior, ou no seu caso, e de ser máis favorable para o aspirante, aquel que outorgara unha puntuación inferior.

B.2) Formación Profesional específica. Por ter realizado un curso de manexo de desfibrilador externo semiautomático (**DESA**) impartido por persoal cualificado: 0,50 puntos.

Será preciso achegar, dentro do prazo de presentación de instancias, o diploma ou documento que acredite a realización do citado curso.

6.3.- FASE DE OPOSICIÓN.

Constará do seguinte exercicios:

Primeiro exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá na superación das seguintes PROBAS DE APTITUDE FÍSICA que serán as adecuadas para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que se van a realizar e cualificaranse como APTO E NON APTO.

- A) 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO.
- B) 50 MTS. RESCATE DE MANEQUÍN.
- C) CORRER NA PRAIA.
- D) NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS.

O desenvolvemento dos exercicios A e B rexeranse polo Regulamento da Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia e celebraranse na Piscina Municipal.

Para que a realización dun exercicio sexa considerada como APTO, ademais de realizalo da forma que indica o regulamento, deberá executarse nun tempo de:

- A) 100 MTS. COMBINADA DE SALVAMENTO, inferior a 2 minutos e 15 segundos.
- B) 50 MTS RESCATE DE MANEQUÍN, inferior a 1 minuto e 10 segundos.
- C) CORRER NA PRAIA: consistirá en percorrer unha distancia de 800 metros. Para que a realización do exercicio sexa considerada como apto deberá executarse nun tempo inferior a 4 minutos 15 segundos.
- D) NATACIÓN EN AUGAS ABERTAS, consistirá en recorrer a nado unha distancia dende un punto do areal sinalado polo tribunal ata o lugar onde se atope unha boia de sinalización. Chegados ata esta, os/as que os aspirantes virarana segundo as agullas do reloxo, deixándoa ao seu costado dereito. O punto de saída e chegada establecerase polo tribunal cunha distancia á beiramar entre 5m.- 15m. dependendo do perfil da praia e da situación da marea.

Dependendo do estado do mar, o tribunal establecerá a distancia a percorrer así como o tempo máximo estimado para a realización da proba. Nesta proba os aspirantes poderán utilizar un traxe de neopreno de grosor non superior a 4 milímetros.

Os aspirantes que non realicen debidamente, en tempo e forma tódalas probas quedarán eliminados.

Non obstante o anterior, e sen prexuízo da cualificación da proba como apto e non apto, serán puntuados os mellores tempos (mt) acadados en cada unha das probas físicas descritas, ata un máximo de 2 puntos, segundo o detallado na táboa seguinte:

	100 m. combinada de salvamento	50 m. rescate de manequín	800 m. carreira na praia	Natación en augas abertas
1º mellor tempo (mt)	0,50 p.	0,50 p.	0,50 p.	0,50 p.
2º mt	0,40 p.	0,40 p.	0,40 p.	0,40 p.
3º mt	0,30 p.	0,30 p.	0,30 p.	0,30 p.
Tempos Inferiores	Tempos Inferiores a 2 minutos e 15 segundos 0,10 p.	Tempos Inferiores a 1 minuto e 10 segundos 0,10 p.	Tempos Inferiores a 4 minutos e 15 segundos 0,10 p.	Determinado polo tribunal 0,10 p.
	0,00 puntos aos tempos superiores	0,00 puntos aos tempos superiores	0,00 puntos aos tempos superiores	0,00 puntos aos tempos superiores que determine o tribunal

A puntuación por posto (do primeiro ao terceiro mellor tempo) e por tempos inferiores en cada una das probas físicas descritas non é acumulativa.

No caso de que dous ou máis aspirantes marquen o mesmo tempo e orde de chegada outorgaráselle a puntuación que corresponda ao número de orde a todos os aspirantes nos que conorra esta circunstancia.

Segundo o número de aspirantes que concorran a realización destas probas, naquelas que se realicen ao aire libre, o Tribunal poderá dispoñer a súa realización en diversas quendas ou series.

Segundo exercicio: De carácter obrigatorio e eliminatorio.

Consistirá en contestar, por escrito, no tempo máximo dunha (1) hora, a unha serie de corenta (40) preguntas cortas ou tipo test sobre o contido dos temas 1 a 10 do programa especificado no Anexo I da convocatoria.

A proba cualificarase polo tribunal de 0 (cero) a 10 (dez) puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. Neste exercicio tipo test o tribunal determinará o número mínimo de respostas acertadas que se requiren para superar a proba, en función da complexidade técnica destas e das peculiaridades propias do posto convocado.

Terceiro exercicio: Proba oral.

Este exercicio consistirá nunha entrevista persoal en que o Tribunal realizará un máximo de 5 preguntas relacionadas coas funcións propias do posto de traballo, materias específicas do programa recollido como Anexo I desta convocatoria, coñecementos profesionais básicos, e/ou preguntas de índole curricular e de personalidade, a fin de comprobar os coñecementos dos aspirantes sobre as tarefas a desenvolver no posto de traballo convocado e de avaliar as súas aptitudes e actitudes para o mesmo.

Esta proba será cualificada polo tribunal de 0 (cero) a 2 (dous) puntos.

6.4.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS.

Á cualificación obtida polos aspirantes, resultante da suma das puntuacións outorgadas nos distintos exercicios obrigatorios e eliminatorios, sumaráselle a puntuación obtida na fase de concurso, acadándose así a puntuación final.

Determinada a cualificación final dos aspirantes o tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios da corporación.

Serán seleccionados/as aqueles/as que obteña maior puntuación global (sumadas as da fase de concurso e oposición).

De producirse empate na puntuación final, computadas as dúas fases, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola orde de preferencia seguinte: en primeiro lugar, a puntuación total da segunda fase (de oposición), e a continuación a da primeira; e de persistir o empate, as puntuacións obtidas en cada apartado e subapartado, pola orde en que se reflicta nas respectivas fases.

No suposto de que os/as seleccionados/as non presenten a documentación requirida ou ben renuncien ao posto obtido, a proposta de contratación efectuarase ao seguinte da lista de puntuación obtida.

SÉTIMA.- PROPOSTA DE APROBADOS/AS.

7.1.- Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde da puntuación total final, con especificación desta. Así mesmo, o Tribunal elevará esta relación, coa acta da sesión, ao Alcalde para proceder á formalización dos contratos correspondentes, a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (o Tribunal Cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

7.2.- Na acta da última sesión o tribunal elaborará, por orde decrecente de puntuación, unha listaxe de reserva na que figurarán aqueles aspirantes que tendo superados os exercicios da oposición, no seu caso, non foran incluídos na proposta de contratación, aos efectos de poder, se así se considera, ser contratados eventualmente para cubrir provisionalmente as vacantes que se produzan ou as ausencias por desfrute de licencias regulamentarias, por incapacidade temporal, necesidades do servizo, etc., ou por se fose necesario cubrir a baixa ou renuncia dos/as seleccionados/as ou no suposto de que os/as seleccionados/as non presente a documentación requirida.

Así mesmo, se o órgano competente para a contratación o estimase oportuno, as persoas que resulten seleccionadas neste proceso selectivo, así como as que poidan ser incluídas na listaxe de substitucións que propoña o Tribunal seleccionador a que se refire o parágrafo anterior, poderán ser chamadas para contratacións ou nomeamentos coa mesma ou similar categoría profesional que xurdan no futuro.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

Os/as aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría Xeral do Concello, no **prazo de tres días** (contados a partir da publicación do resultado da selección), os documentos que acrediten que compren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, así como a documentación orixinal dos méritos que fosen alegados e valorados na fase de concurso para o seu cotexo e compulsas coas fotocopias presentadas xunto coa solicitude de participación no proceso selectivo.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún ou algunha dos/as aspirantes propostos/as non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder á súa contratación, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

NOVENA.- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Unha vez presentada a documentación á que se refire o apartado anterior, o órgano competente da Corporación procederá á contratación a favor dos/as aspirantes propostos/as polo Tribunal Cualificador, e será nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Previamente á sinatura do contrato, as/os aspirantes contratados/as deberán subscribir a declaración á que se refire o artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de abril, sobre incompatibilidades.

Mentres non se formalicen os respectivos contratos e non se incorporen ao posto de traballo, as/os aspirantes non terán dereito a percepción económica de ningunha clase.

As persoas contratadas estarán obrigadas a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, e quedarán sometidas a un período de proba, co alcance previsto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores, e estarán suxeitas á lexislación laboral pertinente.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO PROCESO SELECTIVO

Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 3ª (anuncio no BOP, xunto coas bases reguladoras), a publicidade dos distintos actos derivados deste proceso selectivo, así como as comunicacións a que dese lugar, realizaranse, exclusivamente, a través do taboleiro de edictos deste Concello, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión que se considere oportuno.

Coa finalidade de facilitar o acceso á información dos/das aspirantes, e sempre con carácter complementario, tanto as convocatorias e bases como os sucesivos anuncios relativos ao proceso selectivo, poderán ser obxecto de publicación na web municipal, unha vez feita a publicación no taboleiro de anuncios do Concello. Estas publicacións na web non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida nas mesmas será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente

convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes será de carácter interno e uso restrinxido.

Protección datos de carácter persoal. De conformidade co disposto na Lei Orgánica 15/199, de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Carballo, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación dos enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia de DNI, dirixida ao Concello de Carballo, Praza do Concello s/n, 15100, Carballo.

DÉCIMO PRIMEIRA.- NORMAS FINAIS.

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletorio o establecido na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de Administración local de Galicia, Real Decreto 896/1991, Real Decreto 364/1995, e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste.

Terceira.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo do que poida exercer calquera outro que considere procedente.

ANEXO I: TEMARIO

- Tema 1.- Anatomía e fisioloxía. Conceptos xerais. Sistemas e aparatos.
- Tema 2.- Socorrismo. Principios xerais.
- Tema 3.- Reanimación cardiopulmonar.
- Tema 4.- Traumatismos. Lesións e contusións.
- Tema 5.- Feridas. Hemorragias.
- Tema 6.- Shock. Cadros convulsivos.
- Tema 7.- Queimaduras. Trastornos térmicos.
- Tema 8.- Intoxicacións.
- Tema 9.- Picaduras e mordeduras.
- Tema 10.- Accidentes acuáticos.
- Tema 11.- Plan de autoprotección.
- Tema 12.- Plan de actuación en zonas de baño.
- Tema 13.- Salvamento e socorrismo acuático profesional.
- Tema 14.- Praias e augas oceánicas e continentais.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

2ª Tenente de Alcalde
Concelleira delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación
P.D. Decreto 1608/2022 de 26/05/2022
Milagros Lantes Seara

Secretaria acctal.,

Carmen del Río Rodríguez

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



2022/E001/000010
Exp. 2022/G003/001815

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.
Secretaría acctal.,
Carmen del Río Rodríguez